

Catálogo Nacional	
Monumentos Históricos	
Estado	GALICIA
Municipio	AMES
Inmueble	Ermida da Mercé de Lapido
Dirección	Lugar da Barreira, s/n. 15220
Coordenadas	42.859044 -8.631966



Descripción	Capela de planta cuadrada, feita de mampostería , revocada con cemento e Pintada de branco. Na fachada ten unha porta con marco adintelado e un pequeno nicho que aloxa á imaxe da Virxe da Mercé, e por enriba unha pequena ventá redonda. Remate en espadana con ocos para as campás, e acabado en cruz de forxa. Situada nunha ladeira acusada do monte cercano e con un gran carballo a carón do seu adro, e un cruceiro no camiño de entrada, forma un recuncho ben conservado a beira do camiño da aldea. Segundo nos informa a páxina de patrimonio do concello: “unha inscrición, situada no exterior do propio edificio, esta capela construíuse a mediados do século XVIII. En 1786 Cornelio García, labrador veciño de Lapido, solicita a bendición da capela e a autorización para celebrar culto. Non obstante, e dado que a imaxe da Virxe co nenoxo que preside a fachada parece antiga e ten un aire medieval, a devoción podería ser ben anterior. Con toda probabilidade sufriu arranxos importantes con posterioridade. A construcción é sinxela, composta por unha soa nave de planta rectangular. O campanario pertence a unha época máis tardía. No interior conserva a austerdade, sen outro ornamento que un retablo de estilo neogótico na capela maior”.
Campanas y esquilas	2 campás.
Toques actuales	
Conservación	
Protección	
Propuestas	

Autores del registro	FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, Estanislao (Campás e reloxos monumentais de Galicia, FACEBOOK)
Fecha del registro	02-01-2023

Campanas actuales

Localización	Campana	Fundidor	Año	Diámetro	Peso
Espadana	<u>Menor.</u>	<u>JERÓNIMO, SERAFIM DA SILVA</u>	1990	50	72
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>JERÓNIMO, SERAFIM DA SILVA</u>	1990	60	125

Información completa: [Ermida da Mercé de Lapido - AMES \(GALICIA\)](#)